

MEMORIA FIN DE CURSO AULA DAS ARTES E DAS CIENCIAS

1.- ESPAZO

A aula de plástica tamén chamado LABORATORIO DAS ARTES E DAS CIENCIAS, conta con pias, cociña, porta ao exterior e mesas que permiten a realización de distintos obradoiros manipulativos e en grupo. Esta aula é un espazo aberto.

2.- ACTIVIDADES

Dende a área de Plástica traballouse arreo na decoración e ambientación da escola, traballáronse moitos obxectivos pero o máis importante é que o alumnado gozou moito coa materia. A destacar a implicación da área no desenvolvemento do proxecto de centro, e sobre todo, a importancia do contacto coa natureza, coa observación e coa experimentación. As actividades manipulativas fanse a diario pero dende o segundo trimestre no espazo do centro destinada á horta escolar.

O elevado número de alumnos fai cada vez máis difícil ás dinámicas de aula polo escaso espazo do que se dispón e o pouco tempo que dura a sesión semanal.

Non dispor de ningún medio tecnolóxico na aula é un atranco, pero subsanase utilizando espazos comúns. Dende esta materia fixéronse os murais de ambientación do proxecto de centro, os decorados das obras de teatro cando foi mester, xogos de corredores, ambientación do sementando palabras, unha grande convocatoria de traballos manipulativos con materiais de refugallo, elaboramos mascotas de reciclaxe, ilustramos contos, creamos personaxes, fixemos cómic. Trballo individual e colaborativo. Participamos en concursos de debuxo. Creamos nidos, fixemos cartaces, ... Editouse un calendario escolar, fixéronse os disfraces de entroido, ambientouse no Samaín, inventamos un meco e incluso creamos un fermoso decorado de Nadal con postais, material de refugallo... e moitas actividades máis nas que a creatividade invadiu ás nosas vidas.

Traballouse na horta escolar, promovendo as actividades medioambientais nas que descubriron un novo xeito de relacionarse coa contorna. Na nosa horta, os rapaces:

- Aprenderon a traballar colaborativamente,

- Adquiriron coñecementos sobre o mundo, a natureza e a bio diversidade.
- Aprenderon que co esforzo, a constancia e a paciencia se conseguen moitas cousas,
- Aprenderon a importancia de separar os residuos
- Coñeceron o ciclo da materia orgánica,...

3.- RECURSOS

Todos os necesarios son aportados pola escola ou polas familias.

4.- CURRÍCULO

Contribución ao desenvolvemento do currículo. Avaliación do proceso de ensino: metodoloxía, Pdi, e proceso de aprendizaxe do alumnado. Traballaronse moitas competencias e a maior parte dos contidos curriculares. Non houbo atrancos para acadar os obxectivos.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

O alumnado goza en maior ou menor medida do traballo desenvolvido na aula. Moitos prefiren o traballo na horta, outros gozan da experimentación cos materiais, coas novas tecnoloxías,...

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

As familias participan sempre que se mandan propostas tanto dende a aula como dende o centro.

6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

A coordinación co profesorado é boa e téntase dende a área de expresión plástica colaborar e contribuir naquelas celebracións e ocasións nas que sexa mester.

7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

Os resultados son moi positivos, A maior parte do alumnado goza coas actividades propostas e o 100% do alumnado supera a materia.

8.-DIFICULTADES ATOPADAS

Falta de dotación tecnolóxica na aula e falta de enchufes.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Continuar a traballar verticalmente con todo o alumnado da escola para darlle continuidade á coordinaión para o desenvolvemento do PDI da escola.

Tratar de facer unha exploración sensorial de elementos naturais: Crear unha estación sensorial onde os nenos poidan tocar, cheirar e escoitar diferentes elementos naturais como follas, pedras, area e conchas. Fomenta a súa curiosidade e exploración sensorial, ofrecendo variedade de texturas, aromas e sons relacionados cos ecosistemas. Facelo en coordinación co equipo de educación infantil

Principio do DUA: Proporcionar múltiples medios de representación.